

RESOLUCIÓN REITORAL DO 23 DE OUTUBRO DE 2013 POLA QUE SE DITAN INSTRUCCIONES SOBRE A APLICACIÓN DE DETERMINADOS ARTIGOS DO REGULAMENTO DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

O RD 99/2011, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, incorporou importantes novedades na xestión académica dos estudos oficiais de doutoramento, que foron concretadas para a Universidade de Vigo no Regulamento de Estudos de Doutoramento (en adiante RED), aprobado en Consello de Goberno do 20 de xullo de 2012. Desde aquela a Comisión de Estudos de Posgrao foi concretando a interpretación de diversos artigos do regulamento, principalmente na súa reunión do 24 de xaneiro de 2013. A propia implantación dos novos programas de doutoramento plantexa novas casuísticas, en ocasións non contempladas explícitamente na normativa, entre as que compre destacar o cómputo dos prazos mínimos e máximos en determinadas circunstancias, o recoñecemento de actividades realizadas en programas de doutoramento regulados por normativas anteriores ou o acceso de alumnado que presenta títulos de 1º ciclo estranxeiros e un máster español ou do EEES.

Esta Resolución Reitoral ten como obxectivo unificar e clarificar a interpretación daqueles artigos do Regulamento de Estudos de Doutoramento dos que se derivan casuísticas que non foi posible prever cando se elaborou dito regulamento.

PRIMEIRO: A Comisión de Estudos de Posgrao aprobou na súa reunión do 24 de xaneiro pasado as seguintes aclaracions sobre a aplicación dos artigos que se indican. Por UR entenderase a Unidade Responsable, que agora é a Comisión de Estudos de Posgrao e no futuro será a Escola de Doutoramento. Para os programas de doutoramento regulados polo 778/1998, onde aparece CAPD enténdese o Consello de Departamento:

Artigo 10. Previamente a asignación dun director de tese por parte da CAPD, esta deberá comunicar á UR a relación de doutores que poden dirixir unha tese no programa de doutoramento. Esta relación se fará polo menos unha vez ao ano e cada vez que se incorpore un novo director á oferta do programa. Cada director indicará nun documento cal dos requisitos cumple, asinando que os datos que aparecen son certos. A CAPD enviará a UR a relación dos directores cos requisitos que cumple cada un deles xunto co copia dos documentos asinados polos directores. Se único requisito que cumple un director é o dos artigos, deberá indicarse o ISSN de cada revista. No caso de doutores estranxeiros, o coordinador do programa pode avalalo asinando a veracidade dos datos. A UR poderá verificar que realmente se cumplen estos requisitos e dar de baixa os directores que non os cumplan.

Artigo 10. Cando a CAPD nomee un codirector de tese, este estará tamén dado de alta na relación de posibles directores de tese.

- Artigo 21. Cada ano, en xullo, a CAPD comunicará á UR o listado de alumnos que causan baixa no programa de doutoramento, indicando as causas. Para os alumnos que non causen baixa abrirase o período de matrícula (sen necesidade de prematrícula) no período que aprobe a UR.
- Artigo 24. De xeito excepcional, no curso 2012/2013, autorizouse que un estudiante de doutoramento simultanea a súa dedicación con outros estudos ata 90 ECTS, sempre que estivera matriculado deles ao inicio do curso 2012/2013.
- Artigo 27. As solicitudes de baixa temporal que se encadren dentro dos casos citados no regulamento serán resoltas pola Sección de Posgrao visto o pronunciamento da CAPD. Aqueles casos non contemplados no regulamento ou que presenten dúbidas serán remitidos á UR.
- Artigo 34. O exemplar en formato electrónico deberá entregarse nun CDROM ou DVDROM no que deberá figurar o nome do autor e o título da tese.
- Artigo 34. O doutorando deberá asinar un documento que autorice á Universidade de Vigo a enviar o pdf da tese aos membros do tribunal.
- Artigo 34. A sección de posgrao incluirá o pdf da tese nun repositorio tipo Dropbox e enviará aos 5 membros do tribunal (titulares e suplentes) o enlace nun correo electrónico para que poidan descargar este arquivo, ademais enviaralle o formulario de valoración da tese aos 3 membros do tribunal titular. Unha vez recibidos os 3 informes, a sección de posgrao borrará o pdf do repositorio.
- Artigo 34. Por informe razoado do membro do tribunal enténdese un texto no que se indiquen as causas pola que se autoriza ou non a defensa da tese.
- Artigo 34. O alumno introducirá os datos na base de datos TESEO antes do depósito da tese.
- Artigo 35. No caso de teses con protección de dereitos, a versión que se porá no repositorio onde descargarán a tese os membros do tribunal, será a completa.
- Artigo 36. Cada membro do tribunal deberá indicar qué requisitos cumple mediante un documento no que asine que os datos que aparecen son certos, que acepta a normativa da Universidade de Vigo e un compromiso de confidencialidade sobre os contidos da tese. Se o requisito son os artigos, deberá indicarse o ISSN de cada revista. A UR poderá verificar que realmente se cumpren estos requisitos.
- Artigo 36. Cada membro do tribunal deberá indicar a súa dirección de correo electrónico, se é home ou muller, a súa dirección profesional actual, o centro/organismo/universidade na que está actualmente adscrito, o ano de obtención do doutoramento, a Universidade pola que obtivo o título de doutor, mencionar as especialidades da súa investigación e as 3 actividades mais salientes (publicacións, proxectos de investigación, patentes ou outros méritos) que teñen que estar relacionadas co tema da tese e que non teñen por que coincidir cos requisitos para ser membro do tribunal.
- Artigo 37. O pagamento das taxas dos dereitos de exame na sección de posgrao será nun prazo de 10 días hábiles dende a comunicación da admisión a trámite para a defensa da tese. Cando faga o pagamento, entregaráselle o exemplar depositado en papel e se non o leva neste intre, procederase a súa destrucción. A partires da data do pagamento das taxas, poderase concretar a data da lectura debendo comunicar a Sección de Posgrao esta data cunha antelación de polo menos 10 días hábiles.

Artigo 38. A UR delegará a apertura de sobres para a concesión da mención de cum laude na Subcomisión de Asuntos de Trámite, de xeito que se fagan a lo menos dúas aperturas de sobres cada mes. No caso de dúbida, remitirase á UR a concesión a un estudiante concreto. As datas da apertura de sobres serán comunicadas con suficiente antelación á Comunidade Universitaria. A Sección de Posgrao comunicará por correo electrónico ó estudiante e ó director o resultado.

Artigo 40. No informe da estancia emitido pola institución receptora deberá figurar as datas nas que se realizou.

SEGUNDO: Accesos con título de 1º ciclo estranxeiro e máster español, ou do EEES.

O artigo 15.2.d do RED establece que os títulos de máster de sistemas educativos estranxeiros permiten o acceso directo aos programas de doutoramento sempre que faculten no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento.

Sen embargo, a combinación dun título de 1º ciclo de sistemas educativos estranxeiros e dun título de máster español, ou do EEES, non está contemplado específicamente en ningún dos apartados do artigo 15.2, sendo unha fórmula de acceso bastante habitual.

Por similitude co establecido no apartado 15.2.a e no apartado 15.5. haberá de comprobarse que estes alumnos teñen 60 ECTS de nivel de máster e unha titulación universitaria oficial de alomenos catro cursos completos de estudos universitarios oficiais de nivel equivalente ao noso 1º ciclo de estudos universitarios.

A efectos do cómputo dos créditos realizados, cada curso académico completo equivaldrá a 60 ECTS, poidendo contemplarse a posibilidade de computar 30 ECTS por cuatrimestre ou semestre, dependendo da organización dos estudos, sempre que estes representen a mitade da carga de créditos do curso académico completo.

TERCEIRO: En canto ao recoñecemento de actividades realizadas ao abeiro de regulacións anteriores:

O artigo 20 do RED establece que os cursos, estadías e traballos de investigación realizados na etapa de tese e que non formaran parte formativa de programas do Real Decreto 778/1998, do Real Decreto 56/2005 ou do Real Decreto 1393/2007, ou a realización doutros levados a cabo en programas de doutoramento dunha universidade española ou estranxeira, poderán ser recoñecidos polos equivalentes dun programa de doutoramento.

O alumnado solicitará o recoñecemento destas actividades entre o 10 e o 25 de outubro de cada curso académico. Deberá presentar o modelo de solicitude TC-XX, xunto coa documentación xustificativa da realización de ditas actividades. A Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) poderá requerir un certificado expreso de que ditas actividades non constitúen parte do período formativo dos programas de doutoramento de orixe.

Previa comprobación da documentación polas secretarías dos centros de adscrición administrativa dos programas de doutoramento a CAPD emitirá un informe sobre a procedencia de recoñecer ou non ditas actividades e o trasladará ao decanato/dirección do centro para que emita a correspondente resolución. Dita resolución será emitida antes do 30 de novembro de cada curso académico.

A resolución de recoñecemento será comunicada ao interesado pola secretaría do centro, que incorporará o recoñecemento ao expediente do alumnado e procederá ao seu arquivo.

No momento de presentar o Plan de Investigación, no Programa de Doutoramento regulado polo RD 99/2011, poderase actualizar o título da tese.

CUARTO: Respecto dos cómputos de prazos máximos e mínimos.

Aos efectos do establecido no artigo 25 do RED respecto á duración mínima dos estudos de doutoramento os alumnos que acceden ao programa de doutoramento co Diploma de Estudos Avanzados (DEA) quedan eximidos do cumprimento do mínimo de 18 meses.

Tamén computará a efectos de acadar a duración mínima o período de tutela académica previa á matrícula no programa de doutoramento regulado polo RD 99/2011, correspondente a estudos de regulamento de normativas anteriores ou a traslados de expedientes doutras universidades.

Sen embargo, os períodos os que fai referencia o parágrafo anterior non computarán a efectos da duración máxima establecida para a súa modalidade de matrícula.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Dado que a implantación do módulo do programa informático, que permita xestionar os novos programas de doutoramento, está previsto que se realice de forma gradual, excepcionalmente para o curso 2013/2014 adíanse as datas de solicitude de recoñecementos de actividades, establecidas no apartado terceiro desta resolución. O prazo de solicitudes establecido para dito curso será do 9 ao 22 de decembro de 2013, sendo a data límite para emitir resolución o 10 de febreiro de 2014.

DISPOSICIÓN FINAL

Estas modificacións entrarán en vigor e terán efectos a partir do curso académico 2013/2014, a excepción do contemplado no apartado primeiro respecto á interpretación do artigo 24, que só tivo efectos para o curso 2012/2013.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Así e todo, os/as interesados/as poderán optar por interpor contra esta Resolución recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante o mesmo órgano que a dictou. Neste caso

non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado mentres non recaiga resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Vigo, 23 de outubro de 2013

O REITOR,

Por delegación RR de 11/09/2013

A Vicerreitora de Organización Académica,
Profesorado e Titulacións

Margarita Estévez Toranzo

SR. VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E RELACIONES INTERNACIONAIS

SR. VICERREITOR DE ALUMNADO, DOCENCIA E CALIDADE

SRA. SECRETARIA XERAL

SRES./AS. DIRECTORES/AS DECANOS/AS DOS CENTROS CON MESTRADOS UNIVERSITARIOS

SRA. XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO

SR. XEFE DO SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

SR. XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS DE XESTIÓN

SR. XEFE DE SECCIÓN DE POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA

SRA. XEFA DE SECCIÓN DE XESTIÓN E ADMISIÓN DE ALUMNOS

SRA. XEFA DE SECCIÓN DE TÍTULOS E PLANOS DE ESTUDO

SRA. XEFA DE SECCIÓN DE BOLSAS

SRES/AS ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS CON PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

SRES/AS XEFES/AS DA ÁREA ACADÉMICA DOS CENTROS CON PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

SRES/AS RESPONSABLES DOS REXISTROS

SRES/AS XEFES/AS DAS ÁREAS DE SERVIZO Á COMUNIDADE

SRA. XEFA DE NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL

SRES/AS COORDINADORES/AS DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO